

## PROGRAMA HILDEGARDA

As mulleres na tradición cristiá  
Xornadas para un diálogo feminista



---

### CONTACTO:

[aferozferoz@gmail.com](mailto:aferozferoz@gmail.com)

[aferoz.ga](http://aferoz.ga)

**Hildegarda** é un programa de actividades que nacen da vontade por parte da compañía A Feroz de propiciar un contexto que dea conta da complexidade do fenómeno feminista dentro da cultura cristiá e da convivencia entre laicas e crentes.

Todas as accións incluídas nel teñen como finalidade expandir o coñecemento sobre esta realidade e tender pontes entre axentes culturais, cidadanía e a propia cidade.

A idea xorde en paralelo á montaxe do espectáculo *Santa Inés*, que xira arredor da espiritualidade desde unha perspectiva feminista e as súas posibilidades nunha sociedade cristiá, patriarcal e capitalista, e que fixo agromar moitas outras cuestións enlazadas con estas ás que non se lles pode dar resposta únicamente desde o eido da manifestación escénica.

Como mulleres, como cidadás críticas, as preguntas que prenderon nas integrantes do proxecto durante o proceso de montaxe de *Santa Inés* facéndolles pensar que que —xa que a circunstancia de ser mulleres occidentais, precarizadas e educadas nunha cultura cristiá fondamente patriarcal non era exclusivamente súa— seguramente moitas outras mulleres se estarían cuestionando as mesmas cousas.

E comprenderon, ademais, que cumpría afondar nestes aspectos abordándoos, necesariamente, desde a perspectiva de xénero.

O Programa completa a función de *Santa Inés* con conversas, charlas e roteiros cos que descubriremos a vida descoñecida das mulleres na relixión cristiá e nas cidades que acollen o programa.